

C3D – Cidades: Cohesión, Cooperación e Desenvolvemento

Trátase dun proxecto plurirrexional desenvolvido entre o Eixo Atlántico (ES e PT) e a Asociación de Municipios Ribeiregos do Douro AIMRD.

O obxectivo deste proxecto é contribuír ao desenvolvemento das cidades da fronteira hispano-lusa mediante o fomento da súa cooperación transfronteiriza en diversos ámbitos estratéxicos, orientada a mellorar a cohesión do espazo de cooperación.

Título	C3D – Cidades: Cohesión, Cooperación e Desenvolvemento		
Obxectivo específico	- Reforzar a posición do Sistema Urbano como espazo de cohesión territorial, desenvolvemento económico e emprego no espazo Galicia – Castela e León – Norte mediante o fomento da cooperación en ámbitos clave. - Reforzar este sistema urbano transfronteirizo como espazo de cooperación exemplar no marco de cooperación post 2020, preparado para capitalizar as súas experiencias e transferilas a outras áreas fronteirizas europeas.		
Socios	EIXO ES (xefe de fila) EIXO PT AIMRD – Asociación de Municipios Ribeiregos do Douro		
Orzamento total	1.649.291,85 €		
Orzamento Eixo	Socio	Importe	FEDER
	EIXO ES	1.150.666,67 €	863.000,00€
	EIXO PT	266.666,67 €	200.000,00€

Para acadar o obxectivo formulado o proxecto estrutúrase sobre as seguintes actuacións:

1. **O sistema urbano do futuro como espazo de cohesión territorial, desenvolvemento económico e emprego;** dirixida a consolidar o territorio de Galicia-CeL-Norte como un sistema urbano mediante o fomento da cooperación en ámbitos clave como a sustentabilidade ambiental, a eficiencia administrativa e o coñecemento, seguindo unha única estratexia de territorio.
2. **O sistema urbano como espazo de cooperación;** dirixido a contribuír ao desenvolvemento do sistema urbano transfronteirizo Galicia - Castela e León - Norte como espazo de cooperación exemplar para o futuro marco de cooperación, preparado para capitalizar as súas experiencias e transferilas a outras áreas fronteirizas europeas.
